

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2018 pola que se aproba o censo definitivo de embarcacións autorizadas a faenar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.*

Antecedentes:

1. O 7 de decembro de 2007 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia*, a Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, modificada pola Orde do 26 de febreiro de 2009.

2. O 14 de marzo de 2018 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia*, a Resolución do 28 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se abría o prazo de presentación de solicitudes (un mes desde a publicación no DOG) para a inscrición de embarcacións no censo da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.

3. O día 1 de xuño de 2018 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia*, a Resolución do 24 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o censo provisional de embarcacións autorizadas a faenar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos. Esta resolución establecía un prazo de 15 días, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para presentar cantas alegacións se considerasen oportunas.

4. Dentro do prazo establecido para a presentación de alegacións á Resolución do 24 de maio de 2018, non se produciu ningún tipo de observación ou alegación a esta.

Consideracións legais e técnicas:

1. O Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, establece, no seu artigo 7, as condicións de acceso á reserva, determinando que será necesario que as embarcacións estean inscritas nun censo específico para poder realizar as actividades descritas no seu artigo 5.



2. A Resolución do 28 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, abriu o prazo de presentación de solicitudes (un mes desde a publicación no DOG) para a inscrición de embarcacións no censo da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, e establecía os requisitos que debían cumprir as embarcacións que solicitasen a súa inscrición no censo.

Así mesmo, establece as condicións que deberán cumprir as embarcacións para desenvolver a actividade pesqueira na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos:

a) Permitir a instalación dun sistema de localización conectado ás baterías principais e de reserva da embarcación, o que impide o seu apagado mentres a embarcación estea operativa (artigo 7.3 da Orde do 27 de novembro de 2007, modificada pola Orde do 26 de febreiro de 2009: «Para facilitar os labores de seguimento e control da actividade pesqueira e/ou marisqueira, os armadores das embarcacións inscritas no censo deberán permitir a instalación de dispositivos de identificación»).

b) Comunicar telefonicamente ou por radio VHF a entrada e saída na Remip Os Miñarzos (artigo 7.1 da Orde do 27 de novembro de 2007: «Todos aqueles que efectúen a actividade pesqueira e/ou marisqueira no ámbito da reserva mariña deben comunicarlle ao persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva a súa entrada na zona da reserva mariña, identificarse convenientemente e notificarlle as capturas no momento de acceder á reserva. Así mesmo, deben notificar a súa saída, o número de artes caladas ou empregadas e as capturas realizadas na zona da reserva. Estas comunicacións deben efectuarse de maneira que lle permitan ao órgano de xestión, seguimento e control, realizar a comprobación dos datos transmitidos»).

c) Comunicación das capturas. Esta información será enviada semanalmente á persoa responsable do seguimento científico a través de estadillos específicos. A información será tratada de xeito confidencial e poderá ser utilizada exclusivamente con fins científicos e de xestión.

3. O día 1 de xuño de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 24 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o censo provisional de embarcacións autorizadas a faenar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.



4. A Orde do 27 de novembro de 2007 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, modificada pola Orde do 26 de febreiro de 2009, define no seu artigo 3 o procedemento que se vai seguir para a elaboración do censo de embarcacións autorizadas. O censo definitivo será aprobado por resolución da persoa titular da Consellería do Mar, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o anterior,

**RESOLVO:**

Aprobar o censo definitivo de embarcacións autorizadas para faenar na reserva mariña de interese pesqueiro, que figura como anexo a esta resolución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, ante a Conselleira do Mar, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar

**ANEXO**

**Censo definitivo de embarcacións autorizadas para faenar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos**

	Nome da embarcación	Matrícula e folio	Código	Porto base
1	<i>A Charca</i>	3ª-CO-5-3-17	58957	Fisterra
2	<i>Ahí Va</i>	3ª-CO-5-1246	50587	Fisterra
3	<i>Ana</i>	3ª-VILL-3-9991	53260	Fisterra
4	<i>Ana Sara</i>	3ª-FE-3-1-05	26545	Corcubiión
5	<i>Aquila Primeiro</i>	3ª-VILL-5-2-99	57913	Fisterra
6	<i>Aquiles Número Dos</i>	3ª-CO-6-1-13	27523	Muros
7	<i>Axexo Primeiro</i>	3ª-CO-7-8-92	22869	Noia
8	<i>Ayenka</i>	3ª-CO-4-1368	57540	Corcubiión
9	<i>Bajerías de Nylon</i>	3ª-CO-4-4-05	58374	Lira



	Nome da embarcación	Matrícula e folio	Código	Porto base
10	<i>Benigno</i>	3ª-CO-5-1931	13501	Lira
11	<i>Bismarck Un</i>	3ª-CO-7-3-03	26089	Noia
12	<i>Brinca</i>	3ª-VILL-3-9439	52131	Fisterra
13	<i>Calima</i>	3ª-CO-7-3-12	27511	Noia
14	<i>Carmen</i>	3ª-VILL-1-3403	57400	Fisterra
15	<i>Celso Un</i>	3ª-VI-3-5-06	27090	Fisterra
16	<i>Cuatro Hermanos</i>	3ª-CO-4-318	11315	Lira
17	<i>Chori</i>	3ª-VI-6-1-04	26078	Fisterra
18	<i>Dichoso</i>	3ª-CO-6-2-97	23682	Lira
19	<i>Dosil</i>	3ª-CO-5-1910	56712	Lira
20	<i>Enrique Primero</i>	3ª-CO-2-3840	56419	Noia
21	<i>Eva</i>	3ª-VI-4-5539	13560	Lira
22	<i>Faro</i>	3ª-VILL-1-4295	20001	Porto do Son
23	<i>Fernando</i>	3ª-CO-4-1088	54503	Fisterra
24	<i>Illa Lobeira</i>	3ª-CO-5-1-95	23235	Corcubión
25	<i>Isaura Dous</i>	3ª-CO-5-2-07	58623	Fisterra
26	<i>Javi</i>	3ª-CO-5-2029	56707	Corcubión
27	<i>Juana del Mar</i>	3ª-CO-6-3-97	23739	Muros
28	<i>Limanda</i>	3ª-CO-7-7-98	24166	Noia
29	<i>Los Pepes Uno</i>	3ª-CO-6-1-04	58291	Lira
30	<i>Madre Adriana</i>	3ª-CO-5-01-17	27780	Corcubión
31	<i>Madre Amelia</i>	3ª-CO-5-4-98	23992	Muros
32	<i>Madre Antonia</i>	3ª-FE-3-1909	14239	Muros
33	<i>María</i>	3ª-CO-6-2222	55359	Noia
34	<i>Mar-Iván</i>	3ª-FE-3-2-91	2230	Muros
35	<i>Maresco Tres</i>	3ª-FE-4-4-08	27253	A Guarda
36	<i>Mari Nieves</i>	3ª-CO-5-2-95	23139	Lira
37	<i>María Jesús</i>	3ª-CO-4-1493	57706	Fisterra
38	<i>María Rosa Dos</i>	3ª-CO-6-3-94	23119	Muros
39	<i>Mariñeiro Dos</i>	3ª-5-4-91	22144	Fisterra
40	<i>Milena</i>	3ª-CO-7-3182	55469	Porto do Son
41	<i>Millans</i>	3ª-CO-7-311	55423	Porto do Son
42	<i>Mondelo Dos</i>	3ª-CO-6-1-94	22876	Muros
43	<i>Naróa</i>	3ª-CO-3-4-05	58405	O Pindo



	Nome da embarcación	Matrícula e folio	Código	Porto base
* 44	<i>Nerviosa Dous</i>	3ª-CO-6-2197	8523	Muros
45	<i>Noeta Primeiro</i>	3ª-CO-5-3-01	25098	Corcubión
46	<i>Nueva Giralda</i>	3ª-CO-4-5-04	58279	Camelle
47	<i>Nueva Pilar</i>	3ª-CO-6-1-91	22145	Lira
48	<i>Nuevo Jormar</i>	3ª-CO-7-4-08	27249	Noia
49	<i>Nuevo Montecristo</i>	3ª-CO-6-2-00	24768	Muros
50	<i>Nuevo Verte</i>	3ª-CO-7-2-00	24552	Noia
51	<i>O Arao</i>	3ª-CO-7-2-14	27585	Porto do Son
52	<i>O Cuacho</i>	3ª-CO-6-1-05	58293	Lira
53	<i>O Furadiño</i>	3ª-CO-5-1-13	27623	Corcubión
54	<i>O Mariñeiro</i>	3ª-CO-6-2-91	22283	Lira
55	<i>O Mariñeiro Dous</i>	3ª-CO-6-2-99	24527	Muros
56	<i>O Mario</i>	3ª-VILL-4-2-00	24785	Fisterra
57	<i>O Seixo</i>	3ª-CO-6-2-09	27337	Lira
58	<i>Odala</i>	3ª-CO-6-6-05	26596	Fisterra
59	<i>Outeiro</i>	3ª-CO-5-2-98	24096	Fisterra
60	<i>Pedras da Area</i>	3ª-CO-5-2-96	23389	Lira
61	<i>Pepita Consuelo</i>	3ª-CO-4-617	11312	Lira
62	<i>Plaia da Virxe</i>	3ª-CO-6-2-04	26471	Muros
63	<i>Porto Alegre</i>	3ª-CO-7-3515	55217	Lira
64	<i>Praia do Rostro</i>	3ª-CO-2-11-05	26915	Fisterra
65	<i>Punta Caldebarcos</i>	3ª-CO-6-1-99	24339	Muros
66	<i>Punta dos Remedios</i>	3ª-CO-6-7-05	26539	Lira
67	<i>Reflector</i>	3ª-CO-7-4-96	23550	Fisterra
68	<i>Rixote</i>	3ª-VILL-3-3-00	24840	Fisterra
69	<i>Ronsel Tres</i>	3ª-CO-3-2-06	58506	Lira
70	<i>Salseiro</i>	3ª-CO-5-1997	56399	Fisterra
71	<i>Segundo Brisa</i>	3ª-CO-5-1-11	58785	Corcubión
72	<i>Segundo San Martín</i>	3ª-VILL-3-9184	11444	Laxe
73	<i>Segundo Toro</i>	3ª-CO-5-02-92	25612	Corcubión
74	<i>Segundo Víctor</i>	3ª-VILL-3-6-97	57758	Fisterra
75	<i>Sirena del Mar</i>	3ª-CO-4-1722	57624	Muxía
76	<i>Sonai</i>	3ª-VI-3-8-95	23516	Lira
77	<i>Soutelo</i>	3ª-VI-4-7-01	25123	Fisterra



	Nome da embarcación	Matrícula e folio	Código	Porto base
78	<i>Tadima</i>	3ª-VILL-3-2-06	26792	O Pindo
79	<i>Talieira</i>	3ª-CO-5-1970	56406	Fisterra
80	<i>Tina</i>	3ª-CO-5-1867	56417	Fisterra
81	<i>Tres Gritos</i>	3ª-CO-5-1926	56418	Lira
82	<i>Tres Hermanas</i>	3ª-CO-4-872	53572	Lira
83	<i>Tres Hermanos</i>	3ª-CO-4-983	57453	Fisterra
84	<i>Tres Hermanos</i>	3ª-CO-6-2095	55361	Lira
85	<i>Tricha</i>	3ª-VILL-2-4866	57160	Fisterra
86	<i>Tsunami</i>	3ª-CO-7-4-07	27007	Noia
87	<i>Viber</i>	3ª-CO-6-1-15	58899	Lira
88	<i>Viento y Calma</i>	3ª-CO-5-4-92	22461	Fisterra
89	<i>Virxen das Areas</i>	3ª-CO-5-4-00	24863	Fisterra
90	<i>Virxe do Carme</i>	3ª-CO-5-1-96	23432	Lira
91	<i>Vista</i>	3ª-VILL-3-2-99	24346	Noia
92	<i>Ximpron</i>	3ª-CO-5-3-98	24094	Corcubión

\* A embarcación *Nerviosa Dous* (3ª-CO-6-2197) non poderá faenar na reserva mentres non se comprobe a instalación do Sistema de localización e das medidas estruturais da embarcación.

